



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 19 de setembro de 2022*, conxunta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (*DOG do 30 de setembro*), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1.- Conforme á normativa vixente, corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 alumno/a**, dun total de **4** que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes continúan como consecuencia da súa elección anterior.

2.- Son electores todos os alumnos e alumnas de educación secundaria matriculados no centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do 10 de novembro estará a disposición na Secretaría do IES. As reclamacións referidas ao censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 17 de novembro.

3.- Son elixibles os alumnos e alumnas que formulen a súa **candidatura oficial segundo o modelo** que se facilitará **na Secretaría do Instituto**. As **candidaturas poderán ser presentadas desde o día 11 de novembro ata as 14'00 horas do día 18 de novembro**.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os que non se presenten como candidatos/as, o día 21 de novembro, ás 10:25 horas. Dita mesa electoral estará composta pola directora do Centro, que actuará como presidenta, e dous alumnos ou alumnas por sorteo, actuando de secretario/a o de menor idade. A Xunta Electoral deberá prever o nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.

5.- O voto será directo, secreto e non delegable. **Cada elector/a fará constar na súa papeleta un nome da lista de candidatos e candidatas.**

6.- As **votacións** realizaranse neste IES o **día 29 de novembro, de 11:00 a 12:25 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 10:45 horas.

7.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Estrada, 10 de novembro de 2022



A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Beatriz Quintela Rúa